

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA PARA O ANO 2025.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta **FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA** formalizou o 2 de xullo de 2025 coa **CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE** o instrumento convencional arriba referido por unha duración desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia para a realización de actividades de formación en lingua galega dirixidas ao persoal ao servizo desta fundación. O desenvolvemento do seguinte curso, que se impartirá na modalidade de formación en liña dun curso de linguaxe administrativa galega de nivel medio.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Fomentar e promover o uso da lingua galega, de acordo co seguinte:

Por unha banda, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística que, en desenvolvemento das previsións dos artigos 3.2 e 148.1.17 da Constitución española e mais do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia, establece a obriga dos poderes públicos de garantir o uso normal do galego e do castelán (artigo 2), así como que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma (artigo 4.1). Así mesmo, o seu artigo 11 contempla a *obriga dos poderes autonómicos de promover a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración pública e ás empresas de carácter público de Galicia.*



Por outra banda, o artigo 6 dos Estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia sinala que constitúe o obxecto social desta a “creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio á interacción cultural”. Para a consecución deste fin, conforme o artigo 7 dos seus estatutos, a fundación pode levar a cabo, entre outras, aquelas actividades que se consideren necesarias para dinamizar o sistema cultural galego, promovendo a difusión e a conservación da cultura galega. Neste marco, o uso do galego, tanto na definición como no desenvolvemento das súas actuacións, é primordial como vehículo de expresión da cultura galega e elemento fundamental da súa identidade.

Favorece a execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou por unanimidade o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade, e que recolle, entre os seus obxectivos, o de asegurar que nas administracións autonómica e local o galego sexa a lingua habitual nas relacións internas, nas relacións entre as administracións e nas relacións coa cidadanía, respectando o dereito individual a ser atendido na outra lingua oficial.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Xerente
Fundación Cidade da Cultura de Galicia

